

C

Compostela
Cultura

Emocións naturais

Natureza, vida e amor

**REAL FILHARMONÍA
DE GALICIA**

25 Aniversario

TEMPORADA DE ABONO

2020 → 2021

XOVES 5

NOVEMBRO 2020

Auditorio de Galicia, 20.30 h

ORFEO E EURÍDICE

Paul Daniel, director

Olga Syniakova, mezzosoprano (**Orfeo**)

Alicia Amo, soprano (**Eurídice**)

Beatriz de Sousa, soprano (**Amor**)

Coro da Orquestra Sinfónica de Galicia

Joan Company, director do coro

Javier Fajardo, director asistente do coro



Coprodución con Amigos da Ópera de Santiago

PROGRAMA

Christoph Willibald Gluck (1714-1787)

Orfeo e Eurídice (versión en francés de 1774 de C. W. Gluck, revisada en 1859 por H. Berlioz)

Acto I

Acto II

Acto III

Acto IV

Libreto de Pierre-Louis Moline

Versión en francés de Gluck

estreada no Salón do Palacio Real de París o 2 de agosto de 1774

Revisión de Berlioz estreada no Teatro Lírico de París o 18 de novembro de 1859

Pablo Barreiro, técnico de son

Kuroko Studio, vídeo

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 30 minutos. Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

25 Aniversario

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Jonathan Webb o principal director convidado. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal directora invitada

Joana Carneiro

Director asociado

Maximino Zumalave

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)

Adriana Winkler
(axuda de concertino)

Anca Smeu **

Ildikó Oltai

Yulia Petrushevskaya

Ilya Fisher

Daniel Kordubaylo

Anna Alexandrova

Michal Ryczel

Claudio Guridi

Enrique Roca

Kiyoko Ohashi

Irina Gruia

VIOLAS

Tilmann Kircher *

Natalia Madison **

Oxana Bakulina

Timur Sadykov

Anne Schlossmacher

Teresa Cardoso (R)

Ionela Ciobotaru

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *

Alfonso Morán **

Ángel Leitao (R)

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *

Luis Soto **

ÓBOES

Christina Dominik *

Esther Viúdez **

TROMPAS

Jordi Ortega *

Alfredo Varela *

TROMPETAS

Javier Simó *

Ramón Llátser **

TROMBÓNS

Esteban Méndez (R)

Iago Ríos (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

VIOLÍNS II

Nikolay Velikov *

Gyula Vadaszi *

Samira Ajkic

Elina Viksne

Helena Sengelow

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *

Carlos García **

Alexandre Llano (R)

Millán Abeledo

Thomas Piel

CLARINETES

Beatriz López *

Vicente López **

FAGOTES

Juan Carlos Otero *

Manuel Veiga **

ARPA

Bleuenn Le Friec (R)

* principal | ** copincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

Sinopse

O primeiro acto iníciase nun frondoso bosque de cipreses xunto á tumba de Eurídice. Orfeo, rodeado dun grupo de ninfas e pastores, chora a morte da súa amada e, ao afastarse o xentío, expresa o seu canto de dor na intimidade («*Chiamo il mio ben*»), suplicando aos deuses que lle devolvan a Eurídice. O deus Amor (Cupido), conmovido polo seu pranto, comuníquelle que Zeus permitirlle descender ao inframundo para rescatala, a condición de que non a mire directamente até regresar á superficie, ou perderíaa para a eternidade. Os ánimos do deus Amor exteriorízanse na aria «*Gli sguardi trattieni*». Orfeo despídese na aria «*Addio, ou miei sospiri*» e decide emprender a súa perigosa busca.

O segundo acto iníciase nunha paisaxe rochosa, onde as furias e Cerbero (o gardián canino) custodian as portas do inferno. Escóitase o coro das furias «*Chi mai dell'Erebo*». Coa súa lira (instrumentada na orquestra pola arpa), Orfeo consegue tranquilizalas na aria «*Deh! Placatevi con me*» e, tras varios berros negativos das furias, logra finalmente acougalas a través das arias «*Mille pene*» e «*Men tiranne, ah voi sareste*», conseguindo entrar no inferno.

O segundo cadro do acto ábrese nos Campos Elíseos. Tras unha breve danza inicial, Orfeo marabíllase da pureza do aire que respira («*Che puro ciel*»). No entanto, Orfeo aínda non atopou á súa amada e os espíritos condúceno ata ela (escenas corais «*Vieni a' regni del riposo*» e «*Torna, o bella, al tuo consorte*»).

Ao comezo do terceiro acto, Eurídice non comprende por que o seu amado non a mira e pregúntase se o seu amor é verdadeiro, sen comprender que se trata dunha condición imposta polos deuses. O dúo «*Vieni, appaga il tuo consorte*» expresa o conflito entre os dous. Ante as súplicas de Eurídice, Orfeo acepta mirala e, ao incumprir a promesa que fixera aos deuses, pérdea de novo. Así, chora a súa morte na celebérrima aria «*Che farò senza Euridice*» (un número dunha gran beleza, o máis popular da ópera) e decide suicidarse. Finalmente, o deus Amor impide o suicidio e, como premio polo seu amor incondicional, devólvolle á súa amada. Tras unha escena de ballet, todos eloxian a forza do amor no número final, «*Trionfi amore*».

PAUL DANIEL

DIRECTOR

É o director titular e artístico da RFG dende 2013 e tamén se encarga da dirección musical da Orquestra Nacional de Burdeos. Entre 2009 e 2013 foi o principal director e conselleiro artístico da West Australian Symphony Orchestra de Perth e foi director musical da English National Opera e da Ópera de North, ademais de principal director da Opera Factory. Foi director invitado das máis destacadas orquestras e compañías de ópera por todo o mundo. Dirixiu no Royal Opera House Convent Garden, en La Monnaie en Bruxelas, na Ópera Estatal de Baviera en Múnic, na Ópera Semper de Dresde ou no Metropolitan Opera de Nova York.

Recentes e futuros compromisos operísticos inclúen *Lucrecia Borgia* e *As vodas de Fígaro* coa English National Opera, un novo encargo de Judith Weir para o Festival de Bregenz e o Covent Garden, *Gloriana* no Covent Garden, *Lulú* en La Monnaie, un dobre cartel con *L'Enfant et les Sortilleges* e *Der Zwerg* coa Ópera Nacional de París; *Os troianos* coa Ópera de Berlín, *Hansel e Gretel* en Zúric, *A Village Romeo and Juliet* coa

Ópera de Frankfurt, *Werther* no Novo Teatro Nacional de Tokio, a estrea mundial de *The Thirteenth Child* de Ruders en Santa Fe; e *Elektra*, *Tristán e Isolda* e *A valquiria en Burdeos*.

Ademais dos seus concertos coa Orquestra Nacional de Burdeos e a Real Filharmonía de Galicia, dirixirá a Orquestra Sinfónica da Radio de Baviera, Filharmónica da BBC, Royal Philharmonic, Sinfónica de Hamburgo, Orquestra da Radio de Múnic, Australian National Academy of Music, a Xove Orquestra Nacional de Gran Bretaña e participará no Festival de Bregenz (Austria).

Entre as súas numerosas gravacións destaca o éxito alcanzado polo CD coa *Sinfonía núm. 3* de Elgar para Naxos e o DVD da gravación de *Lulú* en La Monnaie coa soprano Barbara Hannigan. Coa Orquestra Nacional de Burdeos gravou obras de Wagner, Mahler e Chaikovski. En 1998 recibiu un Premio Olivier pola súa dedicación á ópera e nos New Year's Honours de 2000 foi condecorado coa Cruz do Imperio Británico.

OLGA SYNIAKOVA

MEZZOSOPRANO (Orfeo)

Naceu na cidade ucraína de Dnipró. Estudou no Conservatorio Glinka de Dnipró e no Centro de Perfeccionamento Plácido Domingo de Valencia, o que lle deu oportunidade de cantar en 2018 no Palau de les Arts da cidade os papeis de Ernesto en *O mundo da Lúa* e de Segunda dama en *A fruta máxica*.

Destaca a súa participación no International Young Artist Festival ¡SING! na cidade chinesa de Suzhou en 2019. Na temporada pasada interpretou os roles de Laura en *Iolanda*, Condesa de Ceprano en *Rigoletto*, Alisa en *Lucía de Lammermoor* no Palau de les Arts de Valencia; e Anfinomo en *O regreso de Ulises*, coa Filharmónica do Elba (Hamburgo) dirixida por Fabio Biondi.

Interpretou a *Pequena Misa Solemne* de Rossini xunto á Orquestra Europa Galante con Fabio Biondi no Palau de les Arts de Valencia e no Festival de Música de Bremen (Alemaña). En 2019 recibiu os premios especiais do público e do xurado á mellor voz feminina no Concurso Internacional de Belcanto Vincenzo Bellini de Francia, a mellor mezzosoprano da temporada 2018-2019 do Palau de les Arts Reina Sofia e gañou o primeiro premio no

II Concurso de Canto Compostela Lírica promovido pola Asociación de Amigos da Ópera de Santiago de Compostela.

ALICIA AMO

SOPRANO (Eurídice)

Tras estudar violín no conservatorio burgalés Antonio de Cabezón, compaxinándoo con ballet e percusión clásica, obtén o título superior de violín en Musikene coas máis altas cualificacións. Continúa a súa formación na Universidade de Graz e estuda canto na Schola Cantorum Basiliensis, conseguindo Matrícula de Honra. Os seus mestre foron G. Türk, R. Domínguez, R. Levitt, C. Mena e M. Honig, entre outros. Realiza dúas Operastudio con A. Zedda (Bel Canto) e R. Jacobs (Mozart) e gaña o Manhattan & Berliner Internacional Music Competition, o Concurso Internacional “Mozart” de Granada e o Concorso Internazionale di Canto di Napoli.

Canta como solista repertorio desde o século XVI ata o XXI xunto a orquestras como a Sinfónica de Bilbao, Sinfónica de Euskadi, Ciudad de Granada, Principado de Asturias, Oviedo Filarmonía, Simfónica del Vallès, Sinfónica de las Islas Baleares, Sinfónica de Tenerife, Sinfónica de la Comunidad de Madrid, Sinfónica de RTVE, Barroca de Sevilla, La Cetra Basel, Orquestra de Cámara de Zúric, Insula Orchestra de París, Balthasar Neumann, Pygmalion, Israel Camerata Jerusalem, Filharmónica de Dusseldorf, B’rock Orchester, Filharmónica de Bochum e Haydn Philharmonie.

Ten traballado baixo a dirección de A. Fischer, R. Jacobs, E. Onofri, F. Biondi, A. Marcon, T. Hengelbrock, C. Zacharias, A. de Marchi, J. Cohen, A. Biron, R. Pichon, M.

Emelyanychev, C. Rovaris, G. Andretta, V. Pablo Pérez, J. R. Encinar, G. García Calvo, P. González, M. Romea, M. A. Gómez-Martínez ou P. Heras-Casado. Tense presentado en salas e teatros como La Maestranza de Sevilla, La Zarzuela, Auditorio Nacional de Madrid, Campoamor e Auditorio Príncipe Felipe de Oviedo, Arriaga e Euskalduna de Bilbao, Palacio de Carlos V e Auditorio Manuel de Falla de Granada, Kursaal e Victoria Eugenia de San Sebastián, Palau de la Música de Barcelona, San Lorenzo del Escorial, Ópera Real de Versalles, Burdeos, Lyon, Nancy, Rennes, Capitolio de Toulouse, Montpellier, Ambronay, La Seine Musicale de París, Teatro Massimo de Palermo, Antwerpen, Innsbruck, Schloss Esterházy Eisenstadt, Tonhalle Düsseldorf, Semperoper de Dresde, Konzerthaus de Viena, Lima, Guanajuato, Tel Aviv e Xerusalén.

Funda xunto a A. Mercero o ensemble Musica Boscareccia, cuxo primeiro traballo discográfico é nomeado aos premios ICMA. Realiza gravacións para Harmonia Mundi, Alpha, Arcana, Tactus, Naïve, Glossa e lbs. É profesora en AIMAntigua e nas Operastudio da Universidade de Burgos e a Universidade de Murcia.

Como violinista foi concertino e solista da JONDE e da Orquesta Sinfónica de Burgos, membro da EUYO e I Barocchisti; e colaboradora da Orquesta Barroca de Sevilla, Orquesta Sinfónica de Euskadi e Orquesta Sinfónica de RTVE.

BEATRIZ DE SOUSA

SOPRANO (Amor)

Nacida en Lisboa, é unha cantante de gran versatilidade, o cal lle permite abordar con naturalidade o repertorio belcantista, mozartiano e mesmo barroco.

Nos últimos meses debutou nos seguintes roles: Elvira en *Os puritanos de Bellini* na Ópera de Oviedo; e como Adina en *O elixir de amor* de Donizetti na Ópera de Tenerife, na Ópera Nacional de Tbilisi e no Teatro Comunale de Boloña. En 2021 debutará como Giulietta en *Os contos de Hoffmann* de Offenbach na Ópera de Tenerife. Con anterioridade tense destacado en roles como Corinna en *A viaxe a Reims* de Rossini no Festival Rossini de Ópera, Galatea en *Acis e Galatea* de Haendel na Nova Ópera de Belgrado, Lucy en *O teléfono* de Menotti na Fundación Gulbenkian, Alma Ingrata en *O baile das ingratas* de Monteverdi na Ópera Nacional Holandesa e Pamina en *A frauta máxica* de Mozart en diversos festivais en Francia e Austria. Ten traballado con directores de orquestra e de escena como Alberto Zedda, Carlo Rizzi, Pierre Audi, Antónío Méndez, Mario Pontiggia ou Michele Spotti.

Realizou os seus estudos no Conservatorio do Liceu con Dolors Aldea e na Universidade de Viena con Rainer Trost, completando a súa formación en cursos de perfeccionamento coa soprano Sylvia

Greenberg e o pianista David Aronson. Con frecuencia traballa co pianista e coach Giulio Zappa. Recibiu unha bolsa da Fundación Gulbenkian, o que lle permitiu seguir complementando a súa formación.

CORO DA OSG

Joan Company, director do coro

Javier Fajardo, director asistente do coro

O Coro da OSG, fundado no ano 1998, deu o seu primeiro concerto o 21 de marzo do mesmo ano xunto á Escola de Práctica Orquestral da OSG e baixo a dirección de James Ross. Na actualidade, o coro está integrado por máis de setenta voces procedentes de toda Galicia. Desde a súa fundación ten desenvolvido unha intensa actividade artística centrada nos repertorios sinfónico-coral, operístico e a capella. Joan Company, vencellado como director do grupo desde a súa fundación, é ademais director artístico do proxecto coral da Sinfónica de Galicia no que, ademais do Coro da OSG, atópanse o Coro Novo e os Nenos Cantores.

A primeira xira de concertos fóra da comunidade galega levouno ao Auditorium de Palma de Mallorca. Desde entón ten participado en varias edicións do Festival Mozart da Coruña, no Festival de Ópera, Festival de Música da Coruña; nos ciclos de concertos Música en Compostela, O Son das Catedrais, Festival Internacional de Órgano Catedral de León; así como en diversos escenarios e auditorios da Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Pontevedra, Vigo, Ferrol, Ourense...

A finais de 2003 realizou a súa primeira xira ao estranxeiro, con concertos nas catedrais do Porto e Lisboa. Ademais, actuou por primeira vez en Barcelona acompañado da Joven Orquesta Nacional de España (JONDE) baixo a dirección de Christopher Hogwood. Tamén cantou no concerto inaugural da tempada 2006-

07 da Orquestra Simfónica de Balears no Auditorium de Palma de Mallorca.

No seu extenso e variado repertorio destaca a súa especial dedicación á música sinfónico-coral de Bach, Vivaldi, Haydn, Mozart, Beethoven, Schubert, Brahms, Mahler -con destacadas intervencións nas súas *sinfonías nº 2, 3 e 8-*, Mendelssohn, Shostakóvich, Puccini, Fauré, Orff, Debussy, Britten, García Abril, Rossini, Stravinski... Ademais, dedicou boa parte da súa actividade á ópera, tanto en versións escénicas como en versión de concerto de grandes títulos do repertorio de Mozart, Rossini, Donizetti, Chaikovski, Puccini, Verdi e Wagner.

Tanto en concerto como en escena, o Coro da OSG cantou e actuou sempre baixo a dirección de grandes mestres de renome internacional como Lorin Maazel, Eliahu Inabal, Ton Koopman, Alberto Zedda, Jesús López Cobos, Víctor Pablo Pérez, Miguel Ángel Gómez Martínez, Richard Egarr, Dima Slobodeniouk, Josep Pons e Ros Marbà.

Ademais de ter a oportunidade de traballar as grandes obras do repertorio baixo a dirección de importantes batutas, os integrantes do coro reciben unha constante formación vocal con profesores de recoñecido prestixio. A creación dos Nenos Cantores da OSG en 2000 e do Coro Novo da OSG en 2005 completan un proxecto pedagóxico-coral de longo percorrido co que se garante o futuro vocal en toda Galicia.

Christoph Willibald Gluck (1714-1787)

“Lin e relín as partituras de Gluck, copieinas e aprendinas de memoria. Por elas perdín o sono e esquecíame de comer e de beber. Deliraba. E o día en que, tras unha ansiosa agarda, puiden finalmente escoitar *Ifigenia en Táuride*, xurei ao saír da ópera, que, incluso coa oposición de pai, nai, tíos, tías, avós e amigos, eu sería músico”. Este fervor de Berlioz cara a Christoph Willibald Gluck –ao que calificou como “o Xúpiter do noso Olimpo”– é unha mostra da influencia que tivo a obra deste autor en compositores posteriores. Iso non evitou que a súa popularidade decaera e que as súas óperas apenas sexan representadas, a excepción do seu *Orfeo e Eurídice*. Por iso, sen negar o indubidable valor da súa música, é probable que hoxe en día non encontremos a Gluck no panteón dos máis afamados mestres de ópera. O que se destaca del, sobre todo, é a súa condición de cabeza visible –aínda que a paternidade non sexa exclusivamente súa– da reforma da ópera. Neste senso, tense dito que este goza de máis respecto que popularidade. E que o seu nome é máis coñecido que a súa música.

Este fillo de garda bosques, nado en 1714 en Eresbach, no Alto Palatinado bávaro

(Alemaña), desenvolveu a súa carreira musical por toda a Europa da Ilustración, percorrendo moitas das cidades europeas máis importantes, aínda que a súa principal produción operística tivo lugar en Viena – onde faleceu en 1787– e en París. Ata 1762 Gluck cultivara predominantemente o estilo italiano. Pero tras entrar en contacto con Ranieri di Calzabigi impulsou unha serie de cambios no xénero operístico para adaptalo ao modelo da traxedia grega clásica co propósito de acabar cos excesos da ópera seria italiana, encarnada polo libretista Pietro Metastasio (aínda que o propio Gluck compuxo as súas primeiras óperas con libretos deste autor). A partir deste momento, tal como figura no prefacio de *Alceste*, darase importancia ao texto (e por conseguinte ao elemento dramático da ópera). Procurarase que o libreto exprese os sentimentos de maneira sinxela e inequívoca, tentando conmové-lo ao auditorio, disolvendo o drama na música en vez de limitarse a adornalo.

Orfeo e Eurídice foi considerada durante moito tempo a ópera “reformada” por excelencia. É a primeira oportunidade na que Gluck, o seu libretista Ranieri dei Calzabigi e outros colaboradores (o seu coreógrafo Gasparo Angiolini, o seu escenógrafo Giovanni Maria Ouaglio e

o castrato Gaetano Guadagni) poñen en práctica os postulados reformistas, deixando de lado as convencións da ópera seria italiana. Nela teñen a ocasión de achegarse ao seu ideal. Aínda que en certos aspectos conserva os trazos da tradición operística anterior (o seu protagonista era un castrato con tesitura de contralto, concluía cun final feliz moralizante –a diferenza da traxedia clásica– e na súa maior parte estaba concibida como unha sucesión de recitativos e arias) non se pode dudar que inclúe tamén innovacións importantes, que se irán desenvolvendo en operas posteriores, como *Alceste*, e alcanzarán a súa culminación en *Ifigenia en Táuride*. Neste senso, considerouna como a primeira ópera “moderna”.

Esta azione teatrale en tres actos foi estreada no Burgtheater de Viena o 5 de outubro de 1762 con motivo da onomástica do emperador Francisco I de Lorena, esposo de María Teresa de Habsburgo, cultivando un gran éxito. O argumento baséase no mito clásico de Orfeo e caracterízase pola súa sinxeleza e naturalidade, excluindo calquera intriga ou trama secundaria. Xira ao redor de tres personaxes principais e únicos, Orfeo, Eurídice e o Amor, máis a unión de coros e ballet. Esta simplicidade tamén se observa na música, no ritmo, a

melodía e a harmonía. Todo iso dirixido a destacar a supremacía do drama sobre a música. Este elemento trágico reflíctese ao longo de toda a ópera. En particular, na dor de Orfeo pola dobre perda de Eurídice: o arioso *Chiamo il mio ben così* do acto I e o lamento final *Che farà senza Euridice?* do acto III.

Para alcanzar este obxectivo, Gluck outorga ao coro, desde a primeira escena, unha maior participación no drama como un personaxe da historia ou como interlocutor dos personaxes, tal como ocorre coa escena de Orfeo, as Furias e os Espectros infernais (acto II). Nesta escena, Orfeo acompañado dun arpa e cordas suplica a liberación de Eurídice, ao que as Furias resistense desafiando a Orfeo. A danza deixa de ter unha función ornamental e está plenamente integrada na acción dramática. Elimina o recitativo secco e no seu lugar opta polo recitativo *accompagnato*. Converte a abertura nun episodio revelador para o drama. Así, a orquestra participa continuamente e os recitativos fanse máis líricos, rompéndose os drásticos contrastes entre o aria e o recitativo. As arias son sinxelas e apártanse da estrutura tripartita da ópera seria (aria *dá capo*), como ocorre co arioso *Che puro ciel, che chiaro sol* do acto II ou

coa bela aria con forma roldou do acto III *Che farò senza Euridice?*. Con todo, o só de Eurídice, *Che fero momento*, do acto III foi considerado como un exemplo de aria da capo.

Anos máis tarde, Gluck adaptou a ópera para a súa presentación en París, con libreto francés de Pierre-Louis Moline baseado no de Calzabigi, co nome *Orphée et Eurydice*. Esta versión achégase máis á tradición francesa da *tragédie lyrique* de Lully e Rameau. É máis completa, pois fixo unha nova orquestración, agregou novas arias, incorporou un trío no III acto (*Tendre amour*), engadiu pasaxes de ballet (incluíu a totalidade da *Danza das furias* do seu ballet *Don Xoan* e compuxo a *Danza dos espíritos benaventurados*) e asignou o rol de Orfeo á voz de tenor agudo en lugar do castrato protagonista na versión de Viena. A estrea desta versión tivo lugar en París o 2 de agosto de 1774.

Case un século despois, en 1859, Héctor Berlioz namorouse desta partitura, coa que comezou a aprender música, e preparou unha nova versión para o Teatro Lírico de París na que fusionou as versións de Viena e París. Seguiu en principio a versión francesa, pero reestruturouna

en 4 actos (máis adiante reducíronse a tres), volvendo con todo á versión de Viena cando consideraba que esta era superior musical ou dramaticamente. Adaptou o papel de Orfeo á voz dunha contralto, asignándollo a Pauline Viardot, aínda que tamén foi cantado por unha mezzosoprano. Chegou mesmo a engadir un aria de coloratura, *Amour, viens rendre à mon âme*, destinada a Orfeo ao final do acto I. Con algunhas variacións ocasionais, esta é a versión que podemos atopar na maioría das representacións desta ópera ata tempos recentes (con novas variacións, como a adaptación do papel protagonista para tenor, contrateno ou barítono). Na actualidade, téndese de forma crecente a optar por algunha das dúas versións orixinais de Gluck.

Julio Jorge Urbina

Asociación de Amigos da Ópera de Santiago

PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 12 de novembro, 20.30 h **ARAÑAS E OUTROS INSECTOS**

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Marzena Diakun, directora
James Dahlgren, violín solista da RFG
Laurent Blaiteau, frauta solista da RFG
D. Debussy (orq. T. Finno), *Sinfonía en si menor*
S. Gubaidulina, *Impromptu*
A. Roussel, *O festín da araña, op. 17*

Xoves 19 de novembro, 20.30 h **THE KID**

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Timothy Brock, director
The Kid (1921), de Charles Chaplin
Música: Charles Chaplin (1971)
restaurada por T. Brock (2016)



AUDITORIO DE GALICIA
Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES
T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS
T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura



Coprodución con Amigos da Ópera de Santiago

